


MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA
DATA: 07/04/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.



ÍNDICE

- 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
- 2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO)**
- 3. Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.**
- 4. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado	
1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes	<p>O alumnado que promociione de curso con materias sen superar deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os plans de alumnado con materias pendentes establecidos polo equipo docente e deberá superar por avaliacións a materia tal e como establezan os devanditos plans.</p> <p>O alumnado con materias pendentes de cursos anteriores será convocado, de ser o caso, a unha proba final que se realizará antes de rematar o mes de maio.</p> <p>No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final o alumnado poderá recuperar as materias pendentes de cursos anteriores non superadas.</p>
1.2. Criterios de promoción do alumnado de EP	<p>Ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º EP o equipo docente de cada grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. Na toma de decisións por parte do equipo docente terase en conta o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As decisións adoptaranse de xeito colexiado. • Teranse en conta os criterios de promoción establecidos. • Terá especial relevancia a información e o criterio do profesorado tutor. <p><input type="checkbox"/> O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.</p> <p><input type="checkbox"/> O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou titores/as legais:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ O equipo docente organizará un plan específico de reforzo. <p>A promoción do alumnado en 1º, 3º e 5º de EP será automática.</p> <p>O profesorado tomará como referencia á hora de tomar as súas decisións o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O grao de adquisición das competencias. • O logro dos obxectivos da etapa. • Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro. • Os criterios de avaliación do alumnado con AC serán os incluídos nas adaptacións, sen que isto poida impedir a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

1.3. Criterios de promoción do alumnado de ESO

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa, o equipo docente, na sesión de avaliación final decidirá sobre a promoción do alumnado.

Na toma de decisións por parte do equipo docente terase en conta o seguinte:

- As decisións adoptaranse de xeito colexiado.
- Teranse en conta os criterios de promoción establecidos.

Acadará a promoción de curso:

- O alumnado que superase todas as materias ou ámbitos cursados.
- O alumnado que teña avaliación negativa nunha ou dúas materias.
- O equipo docente poderá decidir a promoción do alumnado sempre que se cumpran simultaneamente as seguintes condicións:
 - Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado o alumnado (incluídas as de cursos anteriores) sexa igual ou superior a 5.
 - Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permita seguir con éxito o curso seguinte.
 - Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
 - Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
- O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias. O profesorado basearase no establecido no art.51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de setembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso:

- Medida de carácter excepcional. Poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderá permanecer un ano máis no 4º ESO, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006. Do 3 de maio, de educación.
- Tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe.
- O alumnado que non pase de curso deberá seguir un plan específico personalizado. O profesorado encargado de elaboralo basearase no establecido no art. 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de setembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado.

<p>1.4. Criterios de Titulación</p>	<p>Ao finalizar o cuarto curso da etapa, o equipo docente, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a titulación do alumnado.</p> <p>Na toma de decisións por parte do equipo docente terase en conta o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As decisións adoptaranse de xeito colexiado. • Teranse en conta os criterios de titulación establecidos. • Atenderase á adquisición das competencias establecidas. • Atenderase á consecución dos obxectivos da etapa. • No caso do alumnado con AC os referentes de avaliación serán os incluídos na adaptación, sen que isto poida impedir a obtención do título de graduado en ESO. <p>Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> O alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. <input type="checkbox"/> O equipo docente poderá decidir a promoción do alumnado sempre que se cumpran <u>simultaneamente</u> as seguintes condicións: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado o alumnado (Incluídas as de cursos anteriores) sexa igual ou superior a 5. ▪ Que o equipo docente considere que o alumnado adquirise as competencias establecidas. ▪ Que o equipo docente considere que o alumnado alcanzase os obxectivos da etapa. <input type="checkbox"/> O título de graduado en ESO será único e expedirase sen cualificación. <input type="checkbox"/> O alumnado recibirá, ao concluír a súa escolarización na Educación Secundaria Obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados o nivel de adquisición das competencias da etapa. <p>O alumnado que non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderá obter o título nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo ao currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.</p>
--	--

2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO)

2.1. Criterios xerais do outorgamento de mención honorífica en EP	<p>En 6º de EP o equipo docente poderá propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa, obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias áreas, e que demostren un rendemento académico excelente.</p> <p>A proposta de mención honorífica farase constar na acta de avaliación.</p>
2.1. Criterios xerais do outorgamento de matrícula de honra en ESO	<p>Concederase a matrícula de honra ao alumnado que obtivese na avaliación final de 4º ESO unha nota media do 4º curso igual ou superior a 9 puntos.</p> <p>Concederase como máximo a un número de alumnas e alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro en 4º ESO.</p> <p>Concederase a matrícula de honra ao alumnado coa maior nota media no 4º curso da ESO.</p> <p>En caso de empate terase en conta a maior nota media na etapa da ESO do alumnado implicado.</p> <p>Cando o total do alumnado matriculado no 4º ESO sexa inferior a 20, poderase conceder unha mención de matrícula de honra.</p> <p>A mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumnado.</p>

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022
3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.
<p>Os departamentos didácticos elaborarán os plans de alumnado con materias pendentes e o alumnado deberá superar por avaliacións a materia tal e como establece o devandito plan.</p> <p>O alumnado con materias pendentes de cursos anteriores será convocado de ser o caso, a unha proba final que se realizará antes de rematar o mes de maio.</p> <p>No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final o alumnado poderá recuperar as materias pendentes de cursos anteriores non superadas. O procedemento para recuperalas quedará recollido nas programacións didácticas (exemplo: entrega dossier actividades, probas obxectivas orais, escritas...)</p>
3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3º avaliación e avaliación final na ESO.
<p>No período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final todo o alumnado do centro dedicarse a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.</p> <p>Os departamentos didácticos especificarán, nas modificacións das programacións didácticas, os criterios de cualificación das avaliacións e os procedementos de recuperación das mesmas. Establecerán a metodoloxía a seguir e os recursos e actividades tipo que van a utilizar no dito período.</p>
3.3. Especificar o protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación <u>para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.</u>
<p>O equipo directivo elaborará un modelo de Informe de avaliación individualizado.</p> <p>O profesorado de cada materia ou ámbito cubrirá un para cada un dos seus alumnos ou alumnas con materias/ámbitos con partes sen superar.</p> <p>Os informes individualizados serán entregados á Xefatura de Estudos ao día seguinte do remate da última sesión da 3ª avaliación.</p>
3.4. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)
<p>O modelo de modificación das programacións didácticas é o modelo remitido pola inspección educativa.</p>

4. Aprobación e publicidade	
4.1. Aprobación	Aprobación en reunión extraordinaria do Claustro de profesorado o día 07 de abril de 2022
4.2. Publicidade	<p>O procedemento de publicidade da modificación da concreción curricular e das programacións didácticas e o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Data publicidade na páxina web do centro: 19 de abril de 2022 • O equipo directivo, a través do Abalar móbil, informará ás familias e o alumnado será informado a través das titorías. O profesorado de cada materia en secundaria informará ao seu alumnado do que proceda respecto das modificacións nas súas programacións didácticas.

A directora,

Marta Álvarez Vidal